



The background of the entire page is a photograph of the interior of St. Peter's Basilica in Rome. The image shows the vast nave with its iconic Corinthian columns and the coffered ceiling. In the center, the baldachin over the altar is visible, and a large crowd of tourists is gathered in the foreground, looking towards the altar. The lighting is dramatic, with strong highlights from the central light source and deep shadows in the side aisles.

LATINITAS NOSTRA

II

PENDENTES

ADEFONSVS MAGISTER



PROGRAMA DE LATÍN DE 1º DE BACHARELATO para pendentes

Este será o procedemento para a recuperación da materia de Latín I como pendente:

1. En relación cos contidos gramaticais, realizaranse dúas probas de tradución de secuencias breves latinas, en cada unha das cales se demandará, aproximadamente, o 50% dos contidos da materia:

- Proba 1:

- a) Flexión nominal: substantivos ata a 2ª declinación e adxectivos do 1º tipo (-*us*, -*a*, -*um*)
- b) Flexión verbal: tema de presente dos verbos regulares e do verbo *sum*
- c) Preposicións e conxuncións máis usuais
- d) Oración simple

- Proba 2:

- a) Flexión nominal: resto de substantivos e adxectivos do 2º tipo (-*is*, -*e*). Graos do adxectivo. Pronomes
- b) Flexión verbal: tema de perfecto dos verbos regulares e do verbo *sum*. Voz pasiva
- c) Preposicións e conxuncións máis usuais
- d) Oración composta

2. Para os contidos relativos á cultura e civilización romanas, o alumno deberá realizar un traballo persoal a partir da lectura dun cómic da serie *Astérix*. O traballo deberá incluír os seguintes puntos:

- Resumo do argumento
- Breve reseña dos personaxes históricos citados no cómic
- Recopilación das expresións latinas que aparezan no cómic co seu significado actual
- Selección e comentario das pasaxes de maior comicidade

UNIDADES DIDÁCTICAS

LECTIO PRIMA

Caso e declinación.

LECTIO SECUNDA

1ª e 2ª declinacións. Adxectivos do primeiro tipo. O verbo: Tema de Presente.
A concordancia. A oración simple

LECTIO TERTIA

3ª declinación. Adxectivos do 2º tipo. O verbo: Tema de Perfecto. Palabras
invariables.

LECTIO QUARTA

Graos do adxectivo. Pronomes persoais.

LECTIO QUINTA

4ª e 5ª declinacións.

LECTIO SEXTA

A voz pasiva. A oración composta



LECTIO PRIMA

CASO E DECLINACIÓN.

1.1. Concepto de caso:

1.1.1. Aspecto morfolóxico.

1.1.2. Aspecto sintáctico.

1.1.3. Diversidade de linguas: lingua fronte a dialecto.

3.2. Concepto de declinación:

3.2.1. As declinacións latinas.

1. As relacións das palabras na oración están reguladas por unha serie de normas que en conxunto reciben o nome de SINTAXE. O xeito como se relaciona cada palabra coas demais denomínase FUNCIÓN SINTÁCTICA; é importante que comprendas que se trata de algo abstracto, unha manifestación da estrutura da lingua. É bastante difícil definilas (non hai moito acordo sobre a cuestión), mais todos coñecemos as etiquetas que as denominan.

Para comprender este feito, pensa en que na lingua hai elementos que non teñen significado léxico, senón gramatical, o que os fai moi útiles para economizar: engadindo *-s/-es* a un substantivo ou adxectivo temos o plural, o morfema *-ba-* indica “acción que ten lugar no pasado de xeito durativo”, *-mos* nun verbo indica que ten concordancia cun grupo de falantes no que se inclúe o “eu”, etc. Pois ben, un caso é unha desinencia máis, que nos indica a función sintáctica da palabra na frase.

Inventemos unha lingua que funcione dese xeito: nela o SUXEITO recibirá sempre a desinencia *-K*, e o OBXECTO DIRECTO a desinencia *-P*. Imaxinemos que nesa lingua “león” dise ARGUE, “comer” ÑAM, e leopardo “FIUNE”. Como diríamos “o león come ó leopardo”? E “o leopardo come ó león”? Proba:

Dun xeito máis elaborado, existen linguas que funcionan así, e unha delas é o latín. Unha consecuencia evidente deste feito é que deberemos aprender as desinencias casuais que presente. Ó contrario das funcións,

os casos son elementos concretos, que se poden ler e escribir. Ten sempre presente esta crucial diferenza.

O primeiro que debemos saber é cantas funcións sintácticas representa o latín con desinencias. Son as seguintes: SUXEITO (SUX), ATRIBUTO (ATRB), COMPLEMENTO DIRECTO (CD), COMPLEMENTO do NOME (CN), COMPLEMENTO INDIRECTO (CI) e COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL (CC). Ademais, nalguna ocasión emprega unha desinencia para a APELACIÓN, que non é unha función sintáctica, mais si forma parte de enunciados lingüísticos.

Ademais, en latín cada desinencia -a partir de aquí chamáremoslle CASO-, recibe un nome. Debes aprender os nomes dos casos, coas correspondentes funcións sintácticas que representan. Para iso tes a seguinte táboa:

NOME DO CASO	FUNCIÓN SINTÁCTICA
NOMINATIVO (NOM.)	SUX / ATRB
VOCATIVO (VOC.)	[apelación]
ACUSATIVO (AC.)	CD / CC
XENITIVO (XEN.)	CN
DATIVO (DAT.)	CI
ABLATIVO (ABL.)	CC

Se te fixas, non hai correspondencia biunívoca entre CASO e FUNCIÓN SINTÁCTICA: un caso representa máis dunha función, e hai unha función desenvolvida por máis dun caso. ¿Cales son?

Polo tanto, para comprender o funcionamento do latín chegaríanos con aprender 6 desinencias... Mais non é tan sinxelo: hai 6 para singular e outras 6 para plural. Xa temos 12. Segue sendo doado. O maior atranco é que non todas as palabras levan as mesmas desinencias. Por suposto, como en galego e castelán, hai palabras invariables (adverbios, preposicións, conxuncións, interxeccións); isto facilita o traballo. O difícil está no seguinte: substantivos e adxectivos agrúpanse segundo remata o seu lexema, do seguinte xeito:

- Temas en -a
- Temas en -o
- Temas en -i
- Temas en consoante.
- Temas en -u
- Temas en -e

Co tempo, os temas en consoante e os temas en -I aliñáronse nun só grupo, co que temos un total de cinco. Pois ben, cada un deses grupos tomou un conxunto de desinencias diferente ós demais, e cada un deses grupos con cadansúas desinencias é o que recibe o nome de DECLINACIÓN.

Así, temos 5 declinacións (numeradas correlativamente: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª), ou sexa, 5 grupos de 12 desinencias que deberemos aprender para poder comezar a entender os textos latinos. Iso dá un total de 60, o cal pode asustar, mais hai dous feitos que nos axudarán:

- Iremos pouco a pouco: polo momento, só traballaremos coa 1ª (moi doada) e a 2ª.
- Non son 60 desinencias distintas: algunhas repítense, o que nos facilitará a memorización, mais nos complicará algo noutro aspecto que xa veremos no seu momento.

LECTIO SECVNDA

1ª E 2ª DECLINACIÓNS. ADXECTIVOS DO 1ª TIPO. O VERBO: TEMA DE PRESENTE DA CONXUGACIÓN REGULAR E DO VERBO SVM. A CONCORDANCIA.

2.1. A flexión nominal:

2.1.1. Os substantivos: 1ª e 2ª declinacións.

2.1.2. Os adxectivos: 1º tipo.

2.2. A flexión verbal:

2.2.1. Características do verbo: número, persoa, tempo, modo, voz.

2.2.2. As conxugacións regulares: o Tema de Presente ou *Infectum*.

2.2.3. O verbo SVM: o Tema de Presente ou *Infectum*.

2.3. Sintaxe: a oración simple:

2.3.1. A concordancia:

2.3.1.1. Entre os elementos nominais.

2.3.1.2. Entre os elementos nominais e os verbais.

1. Todos os idiomas teñen unha “forma cero” das palabras, que é a elixida para a súa entrada no dicionario. Temos que aprender esas “formas cero” para as clases de palabras variables: substantivos, adxectivos e verbos. Nos substantivos é especialmente importante, xa que a través do enunciado saberemos a que declinación pertencen: lembremos que cada declinación ten un grupo de desinencias casuais diferentes e, sabendo a que declinación pertence cada substantivo, nunca nos trabucaremos: a desinencia **-um**, por exemplo, pode ser Acusativo de Singular (CD/CC) na 2ª declinación, pero Xenitivo de Plural na 3ª.

O enunciado dun substantivo latino consta de dous elementos: o primeiro é o Nominativo de Singular (por ser o primeiro da lista dos casos), e o segundo o Xenitivo de Singular (por ser un caso diferente en todas as declinacións e ser así moi apto para distinguilas). Na seguinte táboa tes cinco palabras modelo para as cinco declinacións latinas:

NOM. SING.	XEN. SING.	ENTRADA NO DICCIONARIO OU VOCABULARIO
rosa	rosae	rosa, -ae
popŭlus	popŭli	popŭlus, -i
homo	homīnis	homo, -īnis
manus	manus	manus, -us
dies	diēi	dies, -ēi

Polo tanto, no vocabulario debemos mirar sempre o que aparece despois da coma: se vemos **-ae**, pertencerá á 1ª declinación; se vemos **-i**, pertencerá á 2ª, e así sucesivamente.

Vamos, pois, coas desinencias da 1ª declinación:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRB)	rosa	rosae
VOC	rosa	rosae
AC (CD/CC)	rosam	rosas
XEN (CN)	rosae	rosarum
DAT (CI)	rosae	rosis
ABL (CC)	rosa	rosis

A inmensa maioría dos substantivos desta declinación son femininos, con algunha que outra excepción, maiormente en casos de nomes de oficios: **nauta, -ae** (“mariñeiro”) ou **agricola, -ae** (“labrego”), por exemplo.

A 2ª declinación é máis complexa, xa que inclúe palabras neutras, diferenciadas morfoloxicamente das outras, as cales son maioritariamente masculinas (con excepción dos nomes dalgunhas árbores, como **pinus, -i**, p. ex.). Esa distinción está na primeira parte do enunciado (Nominativo de Singular):

- As palabras con NOM. SING. rematado en **-us/-er/-ir** son en xeral masculinas:

popŭlus, -i **liber, -bri** **vir, -i** (única palabra en **-ir**)

- As palabras cuxo NOM. SING. remata en **-um** son sempre neutras:
templum, -i

Así, as desinencias desta declinación son:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>MASCULINOS (en xeral)</u>		<u>NEUTROS</u>	
	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRB)	popŭlus	popŭli	templum	templa
VOC	popŭle	popŭli	templum	templa
AC (CD/CC)	popŭlum	popŭlos	templum	templa
XEN (CN)	popŭli	popŭlŏrum	templi	templŏrum
DAT (CI)	popŭlo	popŭlis	templo	templis
ABL (CC)	popŭlo	popŭlis	templo	templis

Convén que te fixes nalgo relativo ós neutros que che será útil para todas as declinacións nas que existan substantivos dese xénero (ademais da 2ª, tamén a 3ª e a 4ª):

- Só se diferencian dos masculinos e femininos no XEN., DAT. e ABL. SING. e PL.
- Sempre teñen os casos NOM., VOC. e AC. iguais.
- Eses mesmos casos en plural sempre rematan an **-a**.

Dispós das táboas de todas as declinacións na sección *GRAMMATICA* deste caderno.

Respecto ós adxectivos, debemos ter presente que son modificadores, e a súa función é, na maior parte dos casos, complementar o substantivo, co que debe concordar en xénero, número e, xa que falamos de latín, en caso. Por iso, o enunciado dos adxectivos é distinto do dos substantivos. Se pensas nun adxectivo galego ou castelán, verás que moitos poden tomar dúas formas: unha masculina e outra feminina, como en **alto**, **-a**, p. ex. Pois o mesmo acontece en latín, pero co engadido do neutro.

Se relacionamos isto coas dúas declinacións de substantivos que acabamos de ver, decatáronos que os masculinos (NOM. SING. en **-us**) seguen maioritariamente a 2ª declinación, os femininos (NOM. SING. en **-a**) case sempre a 1ª, e os neutros (NOM. SING. en **-um**) sempre a 2ª. Polo tanto, o enunciado dun adxectivo da que chamamos 1ª clase (logo veremos que hai máis) aparece no vocabulario segundo este modelo:

bonus, bona, bonum: **bonus**, **-a**, **-um**

Debe quedar claro que neste enunciado as tres formas que aparecen son Nominativos de Singular.

Polo tanto, para averiguar en que caso está unha palabra concreta, deberemos seguir estes pasos:

- 1º: Saber se se trata dun substantivo ou un adxectivo: será un substantivo se o enunciado presenta dúas formas; un adxectivo se téñen tres.
- 2º: Se é un substantivo, identificaremos a declinación á que pertence (e o xénero, se é da 2ª), e comprobaremos a desinencia no cadro correspondente.
- 3º: Se é un adxectivo, comprobaremos a desinencia tanto no cadro da 1ª declinación como no da 2ª.

2. O verbo latino é semellante en moitos aspectos ó verbo galego e ó castelán. Posúe marcas de persoa (3 en singular e 3 en plural), número, tempo (presente, varios pasados e dous futuros), modo (indicativo, subxuntivo e imperativo) e voz (activa e pasiva).

Tamén, igual que en galego e castelán, os verbos agrúpanse por conxugacións. Isto é unha analoxía cos substantivos: eles agrúpanse en declinacións porque cada unha delas comparte unha serie de desinencias casuais, e os verbos fano pola mesma razón: hai ocasións nos que o Futuro Imperfecto, por exemplo, toma morfemas distintos segundo o verbo pertenza á 2ª ou 3ª conxugacións.

O latín posúe 4 conxugacións. ¿Como se distinguen? Pois igual que en galego e castelán: polo enunciado do verbo. A diferenza está en que o enunciado do verbo latino é bastante máis longo que o das nosas linguas, nas que abonda co infinitivo. O verbo latino presenta un enunciado con cinco formas. Na seguinte táboa verás os enunciados dos 4 verbos modelo de cada unha das 4 conxugacións, así como o que representa cada unha das formas que nel aparece :

CONX.	1ª p. sing. pres.	2ª p. sing. pres.	infinitivo	1ª p. sing. pret. perf.	supino
1ª	amo	amas	amāre	amāvi	amātum
entrada no vocabulario		amo, -as, -āre, -āvi, -ātum			
2ª	moneo	mones	monēre	monui	monitum
entrada no vocabulario		moneo, -es, -ēre, -ui, -itum			
3ª	rego	regis	regēre	rexī	rectum
entrada no vocabulario		rego, -is, -ēre, rexī, rectum			
4ª	audio	audis	audire	audīvi	audītum
entrada no vocabulario		audio, -is, -ire, -īvi, -ītum			

Hai razóns para que o enunciado sexa tan longo. Velaquí as xustificacións para cada forma:

1. O verbo latino posúe dous temas (e non un só, como acontece na conxugación regular galega e castelá).

- 1º: Con el fórmanse os tempos que non indican pasado completo: a ese chamámoslle *Infectum* ou Tema de Presente. Identificamos ese tema extraendo o **-o** da primeira forma do enunciado (nos verbos modelo: **am-**, **mone-**, **reg-**, **audi-**). Con ese lexema fórmanse Presente, Pretérito Imperfecto (de Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Imperfecto (de Indicativo).

- 2º: Con el fórmanse os tempos que indican pasado completo: a ese chamámoslle *Perfectum* ou Tema de

Perfecto. Identificamos ese tema extraendo o -i da 4ª forma do enunciado (nos verbos modelo **amāv-**, **monu-**, **rex-**, **audīv-**). Con este lexema fórmanse Pretérito Perfecto e Pluscuamperfecto (de Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Perfecto (de Indicativo).

2. O infinitivo sêrvenos para identificar unha conxugación a través do enunciado: -āre sempre indica 1ª conxugación, e -īre sempre delata a 4ª. En canto á 2ª e a 3ª (ambas **-ere**) diferéncianse pola cantidade vocálica do primeiro **-e**: longo na 2ª conxugación e breve na 3ª. Se non aparecen marcadas as cantidades vocálicas, podemos mirar a segunda forma do enunciado: sempre é -es na 2ª conxugación, e -is na 3ª.

3. En canto á derradeira forma, chamada supino, non nos interesa neste curso.

Imos entón aprender como se forman en latín os tempos do *Infectum* ou Tema de Presente. Como xa vimos, trátase de Presente, Pretérito Imperfecto (en Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Imperfecto (só en indicativo).

Antes ca nada, temos que coñecer a estrutura xeral dos tempos verbais latinos, moi semellante á do galego e castelán. É a seguinte:

TEMA – MORFEMA DE MODO E TEMPO – DESINENCIAS PERSOAIS

Se comezamos polo final seranos máis cómodo, posto que as desinencias persoais na voz activa son comúns a todo o *Infectum*, e non se diferencian demasiado das nosas. Xulga ti mesmo:

1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
-o /-m	-s	-t	-mus	-tis	-nt

A distribución **-o/-m** depende de en que remate o segmento anterior do verbo: se remata en consoante, aparecerá **-o**, e se remata en vogal, faino **-m**. Mais esta norma ten unha excepción: o Presente de Indicativo; pero non debe haber problema, pois xa o temos no enunciado.

Para a formación dos tempos verbais do *Infectum*, observa a presentación O VERBO LATINO: *INFECTVM*. Unha vez vista, deberás decidir entre dúas opcións:

- Aprender de memoria todos os tempos verbais. Para iso tes unha táboa resume de todos os tempos verbais do latín na sección *GRAMMATICA*.
- Aplicar unha serie de “trucos” para averiguar en que tempo verbal está cada forma que te atopes nas actividades de análise e traducción

Se te decides pola segunda opción (a dos “trucos”), deberás realizar as seguintes accións, e nesta precisa orde:

- 1º: Separa a desinencia persoal.
- 2º: Observa en que remata a forma verbal que che queda despois de separar a desinencia: se ves o morfema -ba-, estás sen dúbida diante dun Pretérito Imperfecto de Indicativo; se ves o morfema -re- tes un Pretérito Imperfecto de Subxuntivo.
- 3º: Se non aparecen o morfemas -ba- nin -re-, poden acontecer dúas cousas:

a) Que vexas o morfema -bi/bu-: nese caso, é un Futuro Imperfecto.

b) Que vexas unha vogal; nese caso, debes comparala coa da 2ª forma do enunciado do verbo (que é a 2ª persoa de singular do Presente de Indicativo, lembra). Na comprobación, fíxate no seguinte:

- Se a vogal coincide coa da 2ª forma do enunciado ou é unha -u-, é Presente de Indicativo.

- Se non coincide nin é un -u-, pode ser Futuro Imperfecto de Indicativo ou Presente de Subxuntivo. Como distinguilos? Tes que pensar no Presente de Subxuntivo dun verbo galego ou castelán dunha conxugación equivalente (a 2ª, 3ª e 4ª latinas valen pola 2ª e 3ª nosas, mentres a 1ª latina correspóndese coa 1ª das nosas linguas): se a vogal do verbo latino e a do galego ou castelán son iguais, terás un Presente de Subxuntivo latino; se non, terás un Futuro Imperfecto de Indicativo. Moito lío, ¿non? A ver se te axuda este exemplo:

.....
regamus

1. Separemos **-mus**: quedanos **rega-**
 2. Non vemos **-ba-** nin **-bi/bu-**.
 3. Vemos a vogal **-a-**. Comparémola coa 2ª forma do enunciado do verbo: **rego, -is, -ěre, rexi, rectum.**
 4. Non coincide coa do enunciado: xa sabemos que é Futuro Imperfecto de Indicativo ou Presente de Subxuntivo (se coincidise ou fose un **-u-**, reconeceríamos o Presente de Indicativo).
 5. O verbo latino pertence á 3ª conxugación (**-is, -ěre**).
 6. Pensemos nun verbo da 2ª ou 3ª conxugacións galegas ou castelás: *comer*, p. ex.
 7. Formamos o Presente de Subxuntivo do verbo *comer*: *coma, comas, coma, comamos. comades, coman.*
 8. Comprobamos que a vogal que se repite ó longo de todo o paradigma é **-a-**.
 9. Comprobamos que coincide coa da forma verbal latina cuxo tempo queremos averiguar: temos un Presente de Subxuntivo latino (se non coincidise, teríamos un Futuro Imperfecto de Indicativo).
-

3. O verbo *ser* é un verbo especial, morfoloxica e sintacticamente: é moi irregular e mantén unhas relacións co resto dos compoñentes da oración diferentes ás da maioría dos demais (é un verbo copulativo: non pode levar CD, mais si ATRB). En latín é o verbo **sum**, e o seu enunciado é como segue:

sum, es, esse, fui

Como ves, ademais é defectivo (non posúe supino, ademais doutros elementos que xa veremos).

Ó ser irregular, non forma os tempos do *Infectum* do mesmo xeito que os regulares: o único que respecta son as desinencias persoais. Para estudar os tempos do Tema de Presente do verbo **sum** tes que acudir á sección *GRAMMATICA* deste libro. Comprobarás que a irregularidade consiste na alternancia de dous lexemas, ás veces mesmo dentro de cada tempo verbal:

- O Presente de Indicativo alterna **s-/es-** (de xeito semellante a galego e castelán).
- O Pretérito Imperfecto de Indicativo constrúe o paradigma co lexema **er-(a)-** en todas as persoas.
- De xeito parecido, o Futuro Imperfecto decántase pola raíz **er-**.
- O Presente de Subxuntivo prefere **s-**, tamén inalterado en todas as persoas.
- Finalmente, o Pretérito Imperfecto de Subxuntivo emprega o tema **es-**.

4. A concordancia no latín non se rexe por normas diferentes ás do galego e castelán:

- Concordancia entre elementos nominais: se en galego e castelán substantivo e adxectivo deben concordar en xénero e número, en latín manteñen a mesma obriga, engadíndolle o seu rasgo característico: o caso.
- Concordancia entre elementos nominais e verbais: igual que nas nosas linguas, o verbo é o elemento central da oración, e el estipula se o SUX (o elemento co que se relaciona máis directamente) debe ser singular ou plural. Isto é moi importante para a mecánica de análise e tradución que de seguido expoñeremos.

Por certo, unha característica do latín moi importante (e que o diferencia moito de galego e castelán) é que non ten artigo determinado nin indeterminado. Polo tanto, veremos que na tradución sempre deberemos optar por empregalo ou non e, caso de empregalo, cal escoller.

5. Para saber que mecánica debo empregar para a análise e tradución de oracións e textos latinos, le con moita atención o que vén a seguir. Tomemos esta oración:

Agricolae aram deae rosis ornant

En primeiro lugar, debo localizar o verbo e indicar en qué persoa está. Por rematar en **-nt**, *ornant* está en 3ª persoa de plural. Isto é importante,

pois indicame que o SUX debe estar en plural. De seguido, analizarei os substantivos un por un, poñendo debaixo deles todas as posibilidades morfolóxicas que posúen segundo a súa declinación, incluíndo caso, número e función. Sería así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. pl.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Logo temos que aplicar a lóxica: se o verbo está en plural, o SUX debe ser plural; iso quere dicir que podemos descartar a posibilidade de Nom. sing. en calquera palabra que a puxésemos (neste caso, *rosa*). Así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

De seguido, veremos que dúas palabras (*agricolae* e *deae*) teñen a posibilidade de NOM. PL. Agora deberemos acudir aos significados das dúas palabras e máis do verbo: *agricolae* tradúcese por “labrego”, *deae* por “deusa” e *ornant* por “adornar”. Polo senso, parece razoable considerar “labrego” como SUX para a acción de “adornar”, mellor que “deusa”. Polo tanto, quedarémonos coa posibilidade de NOM. PL. en *agricolae* e descartaremos as outras dúas. Como consecuencia, teremos tamén que desbotar o posible NOM PL de *deae*, xa que só pode haber un suxeito (agás que haxa dous NOMs. unidos por unha conxunción). Así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Xa temos identificado o SUX. O seguinte paso será comprobar se existe un CD, xa que nas oracións transitivas a tríada SUX-V-CD aporta o senso central. Vemos que só *aram* presenta esa posibilidade, xa que está (e só está) en AC. Agora ben, sabemos que o AC. pode ser CD ou CC. Nesta ocasión é doado escoller, xa que un AC., para ser CC, debe levar preposición, cousa que non se dá aquí. Polo tanto, *aram* será o CD:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Chegados a este punto, podemos ensaiar unha tradución, para ir comprendendo o senso da oración, e así obter un contexto que nos axude a traducir o resto. O único que temos que facer e poñer os significados das palabras cuxas funcións temos identificado, lembrando

que o latín non ten artigo e que debemos probar co determinado e o indeterminado:

Os/uns labregos adornan o/un altar

Só nos queda averiguar as funcións de *deae* e *rosa*. A máis sinxela das dúas agora é *rosa*, xa que só lle quedou unha posibilidade embaixo: a de ABL. SING. Iso sempre será un CC. Para traducilo, probaremos sempre coas preposicións “en”, “con” ou “por”. Combinando unha proba mediante cada unha delas co contexto que xa temos, daremos coa solución:

Os/uns labregos adornan o/un altar na/nunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar pola/por unha rosa

Parece claro que a opción máis razoable é a segunda, co cal xa temos que a nosa tradución avanza:

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa

Recuperamos a análise tal e como a tiñamos feita:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX-		Nom. Pl./SUX-	Abl. sing./CC	Indic.
ATRB		ATRB		

Só nos queda *deae*. Ten as posibilidades de XEN. SING./CN e DAT. SING./CI. O CN (Complemento do Nome ou de Réxime), tradúcese sempre coa preposición “de”, mentres que o CI o expresamos coas preposicións “a” ou “para”. Agora teremos que probar esas posibilidades para ver cal cadra mellor co contexto que xa temos construído:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa á deusa /para a deusa

Seguramente nos parecerá que as dúas posibilidades máis razoables son:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa para a deusa

Aínda que non é o máis cotián, esta oración acepta dúas traducións posibles. Isto débese a que é unha única secuencia, separada dun contexto máis amplo. Polo tanto, deberemos escoller; mais, iso si, a análise que deixemos feita deberá concordar perfectamente coa tradución elixida. Xa que logo, se preferimos:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa

A análise deberá ser:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
-----------	------	------	------	--------

Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-€€	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Pola contra, se nos quedamos con:

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa para a deusa

A análise deberá ser:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-€€	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

É moi importante que sigas sempre e na mesma orde as fases sucesivas deste modelo de actuación. Como puidiches comprobar, trátase dun exercicio de precisión cun alto contido de lóxica, polo que se saltas calquera dos pasos é bastante doado que te equivoques. Para evitalo, ó principio hai que ir a modo, mais tamén é certo que convén practicar bastante.

Por iso, despois de todo o que levamos exposto ata aquí, xa debes estar preparado para levalo á práctica. Para iso tes unha serie de exercicios, consistentes na análise e tradución de textos breves latinos, dividibles en oracións simples, dispostas de xeito que a dificultade sexa progresiva e así afianzar os teus progresos. Están á túa disposición na sección EXERCICIA deste libro.

Para o vocabulario, hai un por exercicio Segundo o vaias manexando, decataraeste de que o significado de moitas das palabras é transparente, por seren moi semellantes a palabras galegas e castelás actuais.

LECTIO TERTIA

3ª DECLINACIÓN. ADXECTIVOS DO 2º TIPO. O VERBO: TEMA DE PERFECTO DA CONXUGACIÓN REGULAR E DO VERBO SVM. PALABRAS INVARIABLES.

3.1. A flexión nominal:

3.1.1. 3ª declinación.

3.1.2. Os adxectivos: 2º tipo.

3.2. A flexión verbal:

3.2.1. As conxugacións regulares: o Tema de Perfecto ou *Perfectum*.

3.2.3. O verbo SVM: o Tema de Perfecto ou *Perfectum*.

3.3. Palabras invariables:

3.3.1. Adverbios.

3.3.2. Preposicións.

3.3.3. Conxuncións.

1. A 3ª declinación é a máis complexa de todas, porque nela confluíron palabras cuxo tema remataba de maneira moi diversa (lembra que a 1ª declinación agrupaba ós temas en -a e a 2ª ós temas en -o): temas en -i e en consoante. O encontro do tema coas desinencias que lle tocaban produciu unha serie de cambios fonéticos que ás veces nos causan problemas.

A primeira consecuencia desta situación é que na 3ª declinación hai unha enorme variedade de Nominativos de Singular. Lembremos que o NOM. SING. da 1ª declinación remataba sempre en -a e o da 2ª en -us, -er ou -ir (se non eran neutras) ou en -um (se eran neutras). Observa, pola contra, todas as posibilidades que hai na 3ª declinación:

NOM. SING.	XEN. SING.	ENTRADA NO DICCIONARIO OU VOCABULARIO
ordo	ordĭnis	ordo, -ĭnis
arbor	arbōris	arbor, -ōris
os	oris	os, oris
ver	veris	ver, veris
nubes	nubis	nubes, -is
ignis	ignis	ignis, -is
bonitas	bonitātis	bonitas, -ātis
calix	calicis	calix, -icis
plebs	plebis	plebs, plebis
mons	montis	mons, montis
princeps	principis	princeps, -cĭpis
fur	furis	fur, furis
mare	maris	mare, -is
far	farris	far, farris
tellus	tellūris	tellus, -ūris
lac	lactis	lac, lactis
animā	animālis	animā, -ālis
caput	capĭtis	caput, -itis
ETC		

Ante este panorama, comecemos polo seguro: un sustantivo pertence á 3ª declinación cando no seu enunciado observamos que o seu Xenitivo de Singular (a segunda forma do enunciado, que vai despois da coma), remata en -is:

Tamén é certo que na 3ª declinación hai masculinos, femininos e neutros. Agora ben, no vocabulario sempre irá indicado o xénero do substantivo entre parénteses, xa que a variedade de terminacións do NOM. SING. fai moi difícil memorizar o xénero de cada un deles. Estas son as desinencias da 3ª declinación:

CASO (FUNCIÓN)	MASCULINOS E FEMININOS		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	¿?	-es	¿?	-a
VOC	¿?	-es	¿?	-a
AC (CD/CC)	-em	-es	¿?	-a
XEN (CN)	-is	-um	-is	-um
DAT (CI)	-i	-ibus	-i	-ibus
ABL (CC)	-i /-e	-ibus	-i /-e	-ibus

Fíxate en que os neutros, igual que na 2ª declinación, teñen os tres primeiros casos iguais, en ademais no plural eses mesmos casos rematan en -a.

Por desgraza, esa variedade de terminacións no NOM. SING. fai moi difícil predicir, diante dun substantivo declinado, cómo sería o seu NOM. Con todo, existe, igual que nos verbos, un “truco” que dá bastante bo resultado. Funciona como segue:

.....
 : Supoñamos que temos nunha secuencia unha palabra :
 : como **gregem**. Pola desinencia **-em** está claro que é da 3ª :
 : declinación (esa desinencia non existe en ningunha :
 : outra). Se separo a desinencia quedame o tema **greg-**; de :
 : seguido, busco no vocabulario, sabendo que o NOM. tén :
 : que ser **greg** ou un monosílabo (como moito bisílabo) :
 : semellante. O vocabulario sacame de dúbidas: verei :
 : que a palabra que busco é **grex, gregis**. :
 :

2. Xunto coa 3ª declinación entra en xogo agora unha clase de adxectivos que seguen esa mesma declinación. Son os chamados adxectivos do 2º tipo, que presentan, a diferenza dos do 1º, só dúas terminacións. Vexamos un modelo:

fortis, forte: **fortis, -e**

Seguimos tendo tres xéneros, mais ó dispoñer só de dúas terminacións, é evidente que unha delas debe acoller dous xéneros. O reparto é así:

fortis	forte
masculino e feminino	neutro

Como acontecía cos do 1º tipo, cómpre deixar claro que as formas do enunciado son Nominativos de Singular: **fortis** segue a 3ª declinación polo paradigma dos masculinos e femininos, mentres **forte o** fai polo dos neutros.

Tamén é preciso lembrar que estes adxectivos (xunto cos substantivos rematados en **-e**, como **mare**, **-is**) escollen para o ABL. SING. a terminación **-i**, mentres o resto prefiren **-e**. Pensa que, se non, habería unha excesiva homonimia, xa que unha forma como **forte** ou **mare** podería ser ata catro casos diferentes. Esta é a razón da alternancia **-i/-e** que viches na táboa de desinencias.

Para rematar de comprendelo, podes intentar declinar de maneira conxunta estes dous pares substantivo-adxebtivo:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	puer, -i fortis, -e		collis, -is (m) altus, -a, -um	
	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATRB)				
VOC				
AC (CD/CC)				
XEN (CN)				
DAT (CI)				
ABL (CC)				

3. Se lembrás a *LECTIO* anterior, cando alí describíamos o enunciado do verbo, dicíamos que a 4ª forma era a 1ª persoa de singular do Pretérito Perfecto de Indicativo. Así, esas formas correspondentes ós verbos modelo das 4 conxugacións son as seguintes:

1ª	amāvi
2ª	monui
3ª	rexī
4ª	audīvi

Como tamén dicíamos alí, se lle extraemos o **-i**, obteremos a raíz ou Tema de Perfecto, coa que se forman o Pretérito Perfecto, Pretérito Pluscuamperfecto de Indicativo, e máis o Pretérito Perfecto e o Pretérito Pluscuamperfecto de Subxuntivo.

As desinencias son as mesmas que para o *Infectum*, coa excepción do Pretérito Perfecto de Indicativo, que esixe unhas desinencias especiais:

1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
-i	-isti	-it	-imus	-istis	-erunt/-ere

Como aconteceu cando vimos o *Infectum*, para poder atinar en que tempo está un verbo latino, debes elixir entre dúas opcións:

- Aprender de memoria todos os tempos verbais. Para iso tes unha táboa resume de todos os tempos verbais do latín na sección *GRAMMATICA*.
- Engadir outros poucos “trucos” ós xa aprendidos.

Se te decides pola segunda opción (a dos “trucos”), deberás realizar as seguintes accións, e nesta precisa orde, como faciamos co *Infectum*:

- 1º: Separa a desinencia persoal: se se trata dunha específica do Pretérito Perfecto de Indicativo, xa está claro; se é unha das desinencias comúns ós demais tempos que aprendeches na *LECTIO* anterior, segue lendo.
- 2º: Observa que tema tes no verbo: se é o do *Infectum*, opera cos “trucos” da *LECTIO* anterior; se é a do *Perfectum*, segue lendo.
- 3º: Se chegaches ata aquí, iso quere dicir que entre o tema e a desinencia persoal debe existir un morfema de modo e tempo, que pode ser:
 - a) **-era-**: Trátase do Pretérito Pluscuamperfecto de Indicativo.
 - b) **-eri-**: Tes un Futuro Perfecto de Indicativo ou un Pretérito Perfecto de Subxuntivo, que son case idénticos (só se diferencian na 1ª persoa de singular, que no primeiro caso remata en **-ero**, e no segundo en **-erim**). Mais estes tempos serán moi pouco frecuentes, polo menos durante este curso
 - c) **-isse-**: Estás diante dun Pretérito Pluscuamperfecto de Subxuntivo.

Respecto ó verbo **sum** (irregular, como de certo lembras), podes ver a súa conxugación do *Perfectum* na sección *GRAMMATICA* deste libro.

4. Os adverbios son palabras invariables que case sempre cumpren funcións de modificador. Sempre virán no vocabulario caracterizados como tales, e o *quid* da súa tradución está en situalo no lugar adecuado, aínda que na maioría dos casos admite varias posibilidades sen que sufra o significado xeral da oración.

Ademais, o latín pode crear adverbios a partir de adxectivos, igual que o galego e o castelán. As nosas linguas dispoñen, como debes saber, do sufixo *-mente*, que converte en adverbio calquera adxetivo. Podes ver os procedementos que segue o latín na seguinte táboa:

PROCEDEMENTOS	TIPO DE ADXECTIVOS	SUFIXO	EXEMPLO
COMÚNS	1º (ex.: clarus, -a, -um)	-e	clare
	2º (ex.: fortis, -e)	-iter	fortiter
ESPECIAIS	1º (ex.: multus, -a, -um)	-um (ac. neut.)	multum
	1º (ex. rarus, -a, -um)	-o (abl.)	raro

5. As preposicións son partículas invariables que case non teñen existencia autónoma: teñen que rexeir sempre outro ou outros elementos. Aparecen identificadas no vocabulario, pero debes coñecer unha serie delas sen necesidade de acudir a el. Todas elas expresan dun xeito ou doutro a noción de lugar:

NOCIÓN DE LUGAR	PREPOSICIÓNS	CASO	SIGNIFICADO
“en onde” (VBI)	in	ABL	“en”
“cara onde” (QVO)	ad	AC	“a”, “cara a”
	in		
“de onde” (VNDE)	a/ab	ABL	“de”, “desde”
	e/ex		
“por onde” (QVA)	per	AC	“por”, “a través de”

Fíxate en que **in** ten dous valores diferentes segundo qué caso rexa en cada ocasión: non os confundas!

Algunhas palabras expresan estas nocións de lugar dunha maneira especial:

PALABRA	PARTICULARIDADE	EXEMPLOS
nomes de cidade e illas pequenas	1. non precisan preposición para expresar “lugar a onde” nin “lugar de onde” 2. expresan o “ lugar en onde ” cun sufixo	Romam (“cara a Roma”) Luco (“desde Lugo”) Romae (“en Roma”) Toleti (“en Toledo”) domi (“na casa”) ruri (“no campo”)
casos especiais: domus, -us e rus, ruris		

6. As conxuncións tamén son partículas invariables, pero a súa misión é poñer en relación dúas estruturas, xa sexan nominais ou oracionais. Tamén aparecen no vocabulario, mais son de obrigado coñecemento as seguintes:

TIPO	CONXUNCIÓNS		SIGNIFICADO	
copulativas	et, atque, -que	nec, neque	“e”	“e non”, “nin”
disxuntivas	aut, vel, -ve		“ou”	
ilativas	nam, namque, enim, itaque		“pois”, “así pois”	
adversativas	sed, autem, at, vero		“pero”, “con todo”	

Observarás que nas copulativas e as disxuntivas hai dúas conxuncións que presentan un guión diante. Isto é debido a que son partículas enclíticas: aparecen soldadas a unha palabra, pero o seu efecto aplícase á posición inmediatamente anterior. Por exemplo, **Senatus Populusque Romanus** tradúcese: “O Senado e o pobo romano”.

Chegou o momento de practicar os novos contidos. Vai á sección EXERCICIA do libro e analiza e traduce os textos relacionadas con estes contidos, servíndote do vocabulario.

LECTIO QVARTA

GRAOS DO ADXECTIVO. PRONOMES PERSOAIS.

4.1. Flexión nominal:

4.1.1. A gradación.

4.1.2. Comparativo e superlativo en latín.

4.2. Flexión pronominal:

4.2.1. Os pronomes persoais.

4.2.2. Demostrativos e indefinidos

1. O significado do adxectivo pode expresarse en graos. A “forma cero” é denominada grao positivo. Cando a modificación que aporta o adxectivo se expresa comparándoa entre dous termos, falamos de grao comparativo. Se esa modificación se leva ó extremo, temos o grao superlativo.

Todo isto xa o coñeces polos estudos lingüísticos que tes sobre varios idiomas. Imos ver como expresa o latín o grao comparativo e o superlativo.

O grao comparativo ten tres posibilidades de expresión:

- 1ª: INFERIORIDADE: Exprésase a través da secuencia *adverbio-adxectivo-partícula*, igual que en galego e castelán, p. ex:

Petrus minus altus est quam Antonius

- 2ª: IGUALDADE: De xeito semellante ó anterior mais, loxicamente, cun adverbio diferente:

Petrus tam altus est quam Antonius

- 3ª: SUPERIORIDADE: É o máis complexo desde o punto de vista das nosas linguas, xa que case sempre se forma, como en inglés, mediante a adición dun sufixo ó tema do adxectivo: **-ior, -ius**. A transformación é como segue:

POSITIVO	COMPARATIVO de SUPERIORIDADE
altus, -a, -um	altior, -ius
fortis, -e	fortior, -ius

É moi importante que comprendas que o resultado segue sendo un adxectivo, coas mesmas responsabilidades sintácticas que cando aparece en grao positivo. Con todo, o cambio morfolóxico é importante, xa que un adxectivo en grao comparativo de superioridade, sexa do 1º ou 2º tipo en grao positivo, é, a todos os

efectos de declinación, un adxectivo do 2º tipo e, polo tanto, segue a 3ª declinación. O modelo sería o seguinte, segundo **altior, -ius**:

altior (masc.-fem.)		altius (neutro)	
<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
altior	altiōres	altius	altiōra
altior	altiōres	altius	altiōra
altiōrem	altiōres	altius	altiōra
altiōris	altiōrum	altiōris	altiōrum
altiōri	altiorībus	altiōri	altiorībus
altiōre	altiorībus	altiōre	altiorībus

Observa, unha vez máis, como o paradigma dos neutros só se diferencia do outro no tres primeiros casos, que ademais son iguais entre si; e como eses mesmos casos no plural rematan en **-a**. Sintacticamente, no que se refire á expresión do 2º termo da comparación, hai dúas posibilidades:

- mediante partícula: **Petrus altior est quam Antonius**
- en ABL.: **Petrus altior est Antonio**

Polo tanto, o máis práctico para saber se temos diante unha oración cun comparativo de superioridade é estar atento a se unha das palabras que aparecen ten no seu interior ou remata na secuencia **ior**, ou se remata en **ius**. Por suposto, se aparece a partícula **quam** xa non hai dúbida.

Os adverbios tamén poden recibir gradación comparativa de superioridade: fano mediante o sufixo **-ius**: **prope** (“preto”) – **propius** (“máis preto”)

O grao superlativo xa se parece máis ó que temos en galego e castelán, polo menos no que se refire ó emprego dun sufixo para marcalo. Ese sufixo é case sempre **-issimus, -a, -um**, de xeito que a conversión dun adxectivo ó grao superlativo segue este modelo:

POSITIVO	SUPERLATIVO
altus, -a, -um	altissimus, -a, -um
fortis, -e	fortissimus, -a, -um

Igual que antes, non esquezas que o resultado segue sendo un adxectivo, coas mesmas responsabilidades sintácticas que cando aparece en grao positivo. De novo, hai cambio morfolóxico, pois un adxectivo en grao superlativo, sexa do 1º ou 2º tipo en grao positivo, é, a todos os efectos de declinación, un adxectivo do 1º tipo e, polo tanto, segue a 1ª e 2ª declinacións.

O comportamento sintáctico do superlativo é igual ó que ten nas nosas linguas. Hai dúas posibilidades:

- ABSOLUTO: **Petrus altissimus est**
- RELATIVO: **Petrus altissimus est amicōrum suōrum**, ou tamén **Petrus altissimus est inter amīcos suos**. Neste último caso a

cualidade, expresada en grao máximo, ponse en relación cunha referencia externa.

Algúns adxectivos experimentaron cambios fonéticos ó se lles engadir o sufixo do superlativo. Son os rematados en **-er** (no masculino) e en **-lis** (no masculino-feminino). Os resultados seguen estes modelos:

POSITIVO	SUPERLATIVO
pulcher, -chra, -chrum	pulcherrĭmus, -a, -um
facilis, -e	facillĭmus, -a, -um

Por último, hai catro adxectivos que constrúen o comparativo de superioridade e o superlativo de xeito irregular. Son estes:

POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
bonus, -a, -um	melior, -ius	optĭmus, -a, -um
malus, -a, -um	peior, -ius	pessĭmus, -a, -um
magnus, -a, -um	maior, -ius	maxĭmus, -a, -um
parvus, -a, -um	minor, -us	minĭmus, -a, -um

A nada que te fixes, nesta táboa verás comparativos e superlativos que aínda segues empregando en galego en castelán, pero quizais non te decatabas.

2. Os pronomes teñen unha flexión ou declinación distinta da dos substantivos e adxectivos. Nesta *LECTIO* imos aprender os pronomes persoais. Para iso tes esta táboa:

NOM.	ego	tu		nos	vos	
AC.	me	te	se	nos	vos	se
XEN.	mei	tui	sui	nostrum	vestrum	sui
DAT.	mihi	tibi	sibi	nobis	vobis	sibi
ABL.	me	te	se	nobis	vobis	se

Dúas cousas deben chamar a túa atención:

- A ausencia de NOM. para a 3ª persoa, tanto en singular como en plural. Para iso o latín empregaba demostrativos.
- A presenza de formas pronominais que aínda seguimos a usar, e coas mesmas funcións sintácticas. Efectivamente, os pronomes persoais son o único elemento da nosa lingua no que conservamos algo semellante a unha declinación.

Practica o visto analizando e traducindo os textos correspondentes a estes contidos gramaticais na sección *EXERCICIA*.

3. O latín posúe tamén o que tradicionalmente se chaman “pronomes” demostrativos e indefinidos. Teñen a súa propia declinación, coas súas particularidades: están recollidos na sección *GRAMMATICA*.

LECTIO QVINTA

4ª E 5ª DECLINACIÓNS

5.1. A flexión nominal:

5.1.1. 4ª declinación.

5.1.2. 5ª declinación: un fósil.

1. Aparecen agora as dúas derradeiras declinacións latinas: a 4ª e a 5ª. Agrupan, respectivamente, os substantivos de tema en **-u** e tema en **-e**. Non son problemáticas en exceso, agás que a 4ª ten bastantes desinencias en común coa 2ª. En canto á 5ª, case non existe, xa que nos textos (lembrems sempre que estudamos o rexistro escrito do latín) documéntanse todos os casos en singular e plural unicamente de dúas palabras: **res** e **dies**.

Coma sempre que vemos unha nova declinación, o primeiro paso é identificar os substantivos que pertencen a elas polo seu enunciado. Os substantivos modelo para cada unha delas son:

manus	manus	manus, -us
dies	diēi	dies, -ēi

Polo tanto, sempre que vexamos que a segunda forma do enunciado dun substantivo remata en **-us**, pertencerá á 4ª declinación; se vemos que é **-ēi**, será da 5ª.

A 4ª declinación é semellante á 3ª no tratamento do xénero: hai masculinos, femininos e neutros. Mais, contrariamente ó que sucedía coa 3ª, distínguense morfoloxicamente, xa que a 4ª non ten tanta variedade de Nominativos de Singular: se a 1ª forma do enunciado remata en **-us**, o substantivo será masculino ou feminino (indicarase entre parénteses), mentres que se acaba en **-u**, sempre será neutro. Velaquí as desinencias destas dúas declinacións:

4ª DECLINACIÓN				
CASO (FUNCIÓN)	MASCULINOS E FEMININOS		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRIB)	manus	manus	cornu	cornua
VOC	manus	manus	cornu	cornua
AC (CD/CC)	manum	manus	cornu	cornua
XEN (CN)	manus	manuum	cornus	cornuum
DAT (CI)	manui	manibus	cornui	cornibus
ABL (CC)	manu	manibus	cornu	cornibus

5ª DECLINACIÓN		
CASO (FUNCIÓN)	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRIB)	res	res
VOC	res	res
AC (CD/CC)	rem	res
XEN (CN)	rei	rerum
DAT (CI)	rei	rebus
ABL (CC)	re	rebus

Observa a 4ª declinación e fíxate en como, unha vez mais, o paradigma dos neutros só se diferencia do outro nos tres primeiros casos (que ademais son iguais entre si), e como eses mesmos casos no plural rematan en **-a**. Insistimos en que é útil lembralo, xa que este fenómeno se dá en toda a flexión nominal latina (e na grega).

En canto á 5ª declinación, existen máis palabras que a seguen, á parte de **res** e **dies**, pero hai desinencias casuais que non se documentan nelas. Dicimos, polo tanto, que son palabras **defectivas**: non aparece en ningún texto latino clásico, por exemplo, o ABL. PL. de **fides**, **-ēi**. Como sería? Por certo, unha comodidade: non existen adxectivos latinos que sigan estas dúas declinacións.

LECTIO SEXTA

A VOZ PASIVA. A ORACIÓN COMPOSTA

6.1. A voz pasiva:

6.1.1. Flexión verbal.

6.1.2. Sintaxe.

6.2. A oración composta:

6.2.1. Coordinación.

6.2.2. Subordinación.

1. A voz pasiva é unha modalidade do verbo que implica unha serie de consecuencias sintácticas. Consiste en variar a perspectiva da nosa expresión lingüística, intercambiando as relacións na oración deste xeito: o elemento que en activa desenvolve o papel de SUX pasa a ser o que chamamos COMPLEMENTO AXENTE (COMP AX) na pasiva; e o que en activa era CD pasa a SUX na pasiva.

Polo tanto, para que unha oración activa poida ser expresada en pasiva, obrigadamente debe ser transitiva (incluír CD). E, desde o outro punto de vista, sempre que variemos a voz dunha cláusula pasiva, aparecerá un CD.

O funcionamento sintáctico da voz pasiva en latín é igual ó do galego e castelán: só temos que saber que o COMP AX é expresado en latín en ABL con ou sen a preposición a/ab (que é polisémica: lembremos que pode ter tamén o significado local “de”, “desde”).

No eido morfolóxico, o latín si presenta diferencias acusadas coas nosas linguas. Mentres en galego e castelán o verbo pasivo sempre inclúe unha forma do verbo *ser* máis o participio do verbo que se conxuga, en latín hai dous procedementos segundo falemos de *Infectum* ou *Perfectum*:

- *Infectum*: As desinencias que viñamos empregando ata agora son substituídas por outras, específicas da pasiva:

1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
-(o)r	-ris/-re	-tur	-mur	-mini	-ntur

Deste xeito, o Presente de Indicativo en voz pasiva do verbo **amo**, en comparación co da voz activa, quedaría como segue:

PRES. IND. ACT.	amo	amas	amat	amāmus	amātis	amant
PRES. IND. PAS.	amor	amāris/ amāre	amātur	amāmur	amamini	amantur

Observa que a única diferenza radica nas desinencias: **amor** tradúcese “eu son amado”/“yo soy amado”, sen máis. Co resto dos tempos do *Infectum* acontece o mesmo: cambiamos unhas desinencias polas outras e xa o temos. Practica ti mesmo enchendo os ocos da táboa (segue co verbo **amo**):

3ª p. sing. PRET. IMP. IND.	3ª p. pl. FUT. IMP. IND.	1ª p. pl. PRES. SUBX.	2ª p. pl. PRET. IMP. SUBX.

- *Perfectum*: Neste caso o latín si usa o verbo **sum** como auxiliar, acompañado do participio de pasado do verbo que se conxugue. O participio que se emprega pódese deducir da 5ª forma do enunciado do verbo (o supino). Se collemos os catro verbos modelo, estes serían os seus participios de pasado:

CONX.	ENUNCIADO	PARTICIPIO DE PASADO
1	amo, -as, -āre, -āvi, -ātum	amātus, -a, -um
2	moneo, -es, -ēre, -ui, -itum	monitus, -a, -um
3	rego, -is, -ēre, rexi, rectum	rectus, -a, -um
4	audio, -is, -īre, -īvi, -itum	auditus, -a, -um

Se te fixas, verás que teñen unha forma idéntica ós adxectivos do 1º tipo, co que seguen o seu mesmo esquema de declinación (os participios son formas nominais do verbo, de feito). Na pasiva só se emprega o NOM. SING. (o do enunciado), xa que existe relación de concordancia entre o participio do verbo pasivo e o SUX da cláusula. Compróboos nestes dous exemplos:

O atracador foi detido pola policía portuguesa
Moitas persoas foron condenadas ó exilio despois da guerra

Así, a estrutura dos tempos do *Perfectum* en voz pasiva é a seguinte (tomamos como exemplo o participio do verbo **amo** e só a 3ª persoa de singular; o resto das persoas podes construílas doadamente):

<u>MODO</u>	<u>TEMPO</u>	<u>FORMA</u>	<u>TRADUCCIÓN</u>
INDICATIVO	PRET. PERFECTO	amātus, -a, -um est	“foi amado, -a” “ <i>fue /ha sido amado, -a</i> ”
	PRET. PLUSCUAMP.	amātus, -a, -um erat	“fora amado, -a” “ <i>había sido amado, -a</i> ”
	FUT. PERFECTO	amātus, -a, -um erit	“terá sido amado, -a” “ <i>habrá sido amado, -a</i> ”
SUBXUNTIVO	PRET. PERFECTO	amātus, -a, -um sit	“teña sido amado, -a” “ <i>haya sido amado, -a</i> ”
	PRET. PLUSCUAMP.	amātus, -a, -um esset	“tivese sido amado, -a” “ <i>hubiese sido amado, -a</i> ”

¡Olló! As formas **amātus est** ou **amātus erat**, por exemplo, préstanse a confusión: non se traducen “é amado”/“*es amado*” e “era amado”, xa que eses ocos xa están ocupados por **am**

Virache ben conservar na memoria este exemplo da mesma oración latina en activa e en pasiva. Analiza e traduce ti mesmo a oración activa e convértea en pasiva:

cláusula activa	Orpheus	pulchram	Eurydicem	amābat
análise				
traducción				
cláusula pasiva				

2. Chamamos oracións complexas a aquelas que posúen máis dun verbo. Cando temos diante unha destas oracións, temos que preguntarnos que tipo de relación manteñen entre si. Recoñeceremos dous tipos de posibles relacións: coordinación e subordinación:

- **COORDINACIÓN**: Segue o esquema A+(B)+(C)+(n). Dáse cando podemos engadir indefinidamente membros á estrutura, pois cada un deles posúe a mesma categoría e independencia que o primeiro. Cumpren estas condicións as copulativas e as disxuntivas, nas que os diferentes membros están unidos por certas conxuncións. A gramática tradicional inclúe nesta categoría tamén as adversativas, aínda que este aspecto é discutido por algunhas escolas de análise sintáctica.

- **SUBORDINACIÓN:** Segue o esquema A>(B). Prodúcese cando un dos elementos depende xerarquicamente de outro, ben por estar dentro dun constituínte da oración (o SUX, CD, CC, ou calquera outro), ben por ser el mesmo un constituínte da mesma. Pertencen a este grupo as oracións relativas (como modificador dun constituínte da oración ou como constituínte propio), as substantivas (incluídas as interrogativas indirectas, sempre como constituínte propio), e as temporais (como modificador externo á oración). Neste caderno só veremos estes tres tipos.

As coordinadas son as máis sinxelas: só se trata de identificar a conxunción que as caracteriza para analizar e traducir en consecuencia.

A dificultade nas subordinadas comeza coas oracións relativas. Van sempre introducidas por un pronome relativo: o básico é **qui, quae, quod** (“o cal”, “a cal” / “quen” / “que”), que ten unha declinación moi semellante ó interrogativo **quis, quae, quid**. Velaquí o paradigma común:

qui/quis	quae	qui/quod	qui	quae	quae
quem	quam	quod	quos	quas	quae
cuius			quorum	quarum	quorum
cui			quibus		
quo	qua	quo	quibus		

As oracións de relativo son moitas veces tamén chamadas adxectivas, xa que tradicionalmente sempre se dixo que cumprían a mesma función do adxectivo. Efectivamente, moitas veces exercen de modificador dun constituínte da oración: nese caso falamos de oración relativa con antecedente. Cando nos atopamos neste caso, debemos ter presente que o antecedente ou palabra concreta á que modifica a relativa concorda co pronome relativo en xénero e número, mais non necesariamente en caso. Observa este exemplo:

Illa domus, quam videmus, pulchra est

Mais tamén pode acontecer que a oración relativa sexa ela mesma, sen antecedente ningún, membro constituínte da oración, como no seguinte exemplo:

Qui docet, discet

En todo caso, poden levar o verbo tanto en indicativo como en subxuntivo.

Constituíntes de oración dentro da oración principal son as comunmente chamadas substantivas, que en latín van, en moitas ocasións, introducidas pola conxunción ut, sempre con verbo en subxuntivo, e que debemos traducir por “que”. Vexamos un exemplo:

Mater tua tibi iussit ut ad eam venires

Se a substantiva é negativa, a conxunción que aparece é **ne**, que se traduce “que non” excepto cando vai precedida de verbos do campo semántico de “temer” (**timĕo, verĕor**, p. ex.).


Puella illa vult ne venias
Frater meus timet ne veniam

Finalmente, a esta categoría de subordinadas pertencen as que introducen unha modificación temporal na oración dominante. En latín van introducidas por unha serie de conxuncións de diversos significados que adoitan atoparse sen dificultade. Tes unha lista deles na sección *GRAMMATICA*.

Poden levar o verbo en indicativo ou subxuntivo, mais hai dúas conxuncións que cambian o seu significado segundo leven un ou outro modo:

- **ut**: Lembremos que acabamos de vela no grupo das substantivas, mais só téñese ese valor se o seu verbo vai en subxuntivo; se o leva en indicativo, o seu valor é temporal e tradúcese por “cando”.
- **cum**: Esta non cambia o seu valor, mais si o xeito da súa tradución. Será “cando” sempre que leve o seu verbo en indicativo. Se, en troques, o ten en Pret. Imperfecto ou Pluscuamperfecto de Subxuntivo, entón temos o chamado *cum histórico* (por ser moi empregado polos historiadores), e a súa tradución debe ser un xerundio ou o xiro “ó + infinitivo”.

Vt / Cum sol occĭdit, mox nox venit
Cum a terra Aenea surgĕret, litus Afrĭcae cecernit



A FLEXIÓN NOMINAL

DECLIN.	SUBSTANTIVOS	
1ª	-a, -ae	maioría de femininos (excepcións que convén coñecer: os nomes de oficios)
2ª	-us, -i	maioría de masculinos (excepción que convén coñecer: os nomes das árbores)
	-er, -i	
	-ir, -i	
	-um, -i	neutros
3ª	-, -is	masculinos, femininos e neutros (indícase entre parénteses)
4ª	-us, -us	masculinos e femininos (indícase entre parénteses)
	-u, -us	neutros
5ª	-es, -ei	masculinos e femininos (indícase entre parénteses)

TIPO	ADXECTIVOS		
1º	-us/-er, -a, -um	declínase así: -us/-er(2ª) -a (1ª) -um (2ª)	
2º	-is, -e	declínase pola 3ª	
3º	-, -is	declínase pola 3ª	
GRADACIÓN DO ADXECTIVO			
COMPARATIVO	inferioridade	minus... quam	
	igualdade	tam... quam	
	superioridade	-ior, -ius... quam/abl.	declínase igual que un adxectivo do 2º tipo
SUPERLATIVO	-issĭmus, -a, -um -errĭmus, -a, -um -illĭmus, -a, um		declínase igual que un adxectivo do 1º tipo

Cómpre coñecer os seguintes comparativos e superlativos irregulares:

POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
bonus, -a, -um	melior, -ius	optĭmus, -a, -um
malus, -a, -um	peior, -ius	pessĭmus, -a, -um
magnus, -a, -um	maior, -ius	maxĭmus, -a, -um
parvus, -a, -um	minor, -us	minĭmus, -a, -um

AS DECLINACIÓNS LATINAS

1ª DECLINACIÓN

CASOS	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	A	AE
(VOC)		
AC (CD/CC)	AM	AS
XEN (CN)	AE	ARVM
DAT (CI)	AE	IS
ABL (CC)	A	IS

2ª DECLINACIÓN

CASOS	MASCULINOS e femininos		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	VS/ER/IR	I	VM	A
VOC	E			
AC (CD/CC)	VM	OS	VM	A
XEN (CN)	I	ORVM	I	ORVM
DAT (CI)	O	IS	O	IS
ABL (CC)	O	IS	O	IS

3ª DECLINACIÓN

CASOS	MASCULINOS E FEMININOS		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	?	ES	?	A
(VOC)				
AC (CD/CC)	EM	ES	?	A
XEN (CN)	IS	VM	IS	VM
DAT (CI)	I	IBVS	I	IBVS
ABL (CC)	I/E	IBVS	I/E	IBVS

4ª DECLINACIÓN

CASOS	MASCULINOS E FEMININOS		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	VS	VS	V	A
(VOC)				
AC (CD/CC)	VM	VS	V	A
XEN (CN)	VS	VVM	VS	VVM
DAT (CI)	VI	IBVS	VI	IBVS
ABL (CC)	V	IBVS	V	IBVS

5ª DECLINACIÓN

CASOS	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	ES	ES
(VOC)		
AC (CD/CC)	EM	ES
XEN (CN)	EI	ERVM
DAT (CI)	EI	EBVS
ABL (CC)	E	EBVS

O VERBO LATINO: FORMAS PERSOAIS

INFECTVM (Tema de Presente)

INDICATIVO

PRESENTE

TEMA	V. T./V. U.	C. MOD.-TEMP.	V. T./V. U.	DESINENCIAS
AM-	-A-			ACTIVAS/ PASIVAS
MONE-				
LEG-			-I-/-V ⁻⁶	
AVDI-			-V ⁻⁶	

PRETÉRITO IMPERFECTO

AM-	-A-	-BA-		ACTIVAS/ PASIVAS
MONE-				
LEG-				
AVDI-	-E-			

FUTURO IMPERFECTO

AM-	-A-	-B-	-I-/-V ⁻⁶	ACTIVAS/ PASIVAS
MONE-				
LEG-		-A⁻¹		
AVDI-		-E-		

SUBXUNTIVO

PRESENTE

RESERVE				
AM-		-E-		ACTIVAS/ PASIVAS
MONE-				
LEG-				
AVDI-				

PRETÉRITO IMPERFECTO

AM-	-A-	-RE-		ACTIVAS/ PASIVAS
MONE-				
LEG-	-E-			
AVDI-				

PERFECTVM (Tema de Perfecto)

INDICATIVO PRETÉRITO PERFECTO

TEMA	C. MOD.-TEMP.	V. U.	DESINENCIAS
AMAV-			ESPECIAIS
MONV-			
LEG-			
AVDIV-			

PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO

AMAV-	-ERA-		ACTIVAS
MONV-			
LEG-			
AVDIV-			

FUTURO PERFECTO

AMAV-	-ER-	-O ¹ / -I-	ACTIVAS
MONV-			
LEG-			
AVDIV-			

SUBXUNTIVO PRETÉRITO PERFECTO

AMAV-	-ERI-		ACTIVAS
MONV-			
LEG-			
AVDIV-			

PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO

AMAV-	-ISSE-		ACTIVAS
MONV-			
LEG-			
AVDIV-			

DESINENCIAS

ACTIVAS	m/o	s	t	mus	tis	nt
PASIVAS	r	ris/re	tur	mur	mini	ntur
ESPECIAIS	i	isti	it	imus	istis	erunt/ere
IMPERATIVO		ø /to			te / tote	nto

OS VERBOS IRREGULARES LATINOS

SVM, ES, ESSE/FORE, FVI (“ser”, “estar”, “existir”, “haber”)

INFECTVM			
	PRESENTE	PRET. IMPERFECTO	FUTURO IMPERFECTO
INDICATIVO	sum	eram	ero
	es	eras	eris
	est	erat	erit
	sumus	eramus	erimus
	estis	eratis	eritis
	sunt	erant	erunt
SUBXUNTIVO	sim	essem / forem	
	sis	esses / fores	
	sit	esset / foret	
	simus	essemus / foret	
	sitis	essetis /foretis	
	sint	essent / forent	
PERFECTVM			
	PRET. PERFECTO	PRET. PLUSCUAMPERFECTO	FUTURO PERFECTO
INDICATIVO	fui	fuera m	fuero
	fuisti	fueras	fueris
	fuit	fuerat	fuerit
	fui mus	fueram us	fuerim us
	fuitis	fueratis	fueritis
	fuerunt / fuere	fuerant	fuerint
SUBXUNTIVO	fuerim	fuissem	
	fueris	fuis ses	
	fuerit	fuis set	
	fuerim us	fuissem us	
	fueritis	fuis setis	
	fuerint	fuis sent	

COMPOSTOS DE SVM

absum, abes, abesse, afui (“estar ausente”) adsum, ades, adesse, adfui (“estar presente”) desum, dees, deesse, defui (“faltar”) praesum, praees, praeesse, praefui (“estar á fronte de”) possum, potes, posse, potui (“poder”, “ser capaz de”) Hai que fixarse na alternancia pos- / pot- prosum, prodes, prodessse, profui (“aproveitar”, “ser útil”) Hai que fixarse na alternancia pros- / prod-	Cómpre estar atentos á segunda parte da forma verbal que se nos presente. Ex.: abest, adsumus, paeratis, prodesset, poterant, afuistis, defueram, prositis
--	---

EDO, EDIS, EDERE / ESSE, EDI, ESVM (“comer”)

INFECTVM		
	PRESENTE	PRETÉRITO IMPERFECTO
INDICATIVO	edo	X
	edis / <u>es</u>	
	edit / <u>est</u>	
	edimus	
	editis / <u>estis</u>	
	edunt	
SUBXUNTIVO	X	ederem / <u>essem</u>
		ederes / <u>esses</u>
		ederet / <u>esset</u>
		ederemus / <u>essemus</u>
		ederetis / <u>essetis</u>
		ederent / <u>essent</u>

**VOLO, VIS, VELLE, VOLVI (“querer”)
NOLO, NOLIS, NOLLE, NOLVI (“non querer”)
MALO, MALIS, MALLE, MALVI (“preferir”)**

INFECTVM						
	PRESENTE			PRET. IMPERFECTO		
INDICATIVO	volo	nolo	malo			
	<u>vis</u>	<u>non vis</u>	<u>mavis</u>			
	<u>vult</u>	<u>non vult</u>	<u>mavult</u>			
	volumus	nolumus	malumus			
	<u>vultis</u>	<u>non vultis</u>	<u>mavultis</u>			
	volunt	nolunt	malunt			
SUBXUNTIVO	velim	nolim	malim	vellem	nollem	malle
	velis	nolis	malis	velles	nolles	malles
	velit	nolit	malit	vellet	nollet	mallet
	velimus	nolimus	malimus	vellemus	nollemus	mallemus
	velitis	nolitis	malitis	velletis	nolletis	malletis
	velint	nolunt	malint	vellent	nollent	mallent

**EO, IS, IRE, IVI, ITVM (“ir”)
FERO, FERS, FERRE, TVLI, LATVM (“levar”; “soportar”)
FIO, FIS, FIERI, FACTVS SVM (“chegar a ser”)**

INFECTVM						
	PRESENTE			PRET. IMPERFECTO		
INDICATIVO	eo	fero	fio			
	<u>is</u>	<u>fers</u>	<u>fis</u>			
	<u>it</u>	<u>fert</u>	<u>fit</u>			
	<u>imus</u>	ferimus	fimus			
	<u>itis</u>	<u>fertis</u>	<u>fitis</u>			
	eunt	ferunt	fiunt			
SUBXUNTIVO	eam			irem	ferrem	fierem
	eas			ires	ferres	fieres
	eat			iret	ferret	fieret
	eamus			iremus	ferremus	fieremus
	eatis			iret	ferretis	fieretis
	eant			irent	ferrent	fierent

VERBOS DEFECTIVOS E “IMPERSOAIS”

inquam FORMAS: inquam, inquis, inquit	Empréganse para introducir os estilos directos:
aio FORMAS: aio, ais, ait, aiunt	“Avete, milites”, Caesar ait/inquit
for, fari, fatus sum FORMAS: fatur, fatus est , (infinitivo: fari)	Emprégase sobre todo en textos poéticos, co significado de “dicir”
fulget (“lostrega”), pluit (“chove”), tonat (“trona”), oportet (“é preciso”)	Son verbos que describen fenómenos atmosféricos
libet (“gusta”, “é agradable”) licet (“é lícito”, “está permitido”) deceat (“cómpre”)	
me miseret (“dáme mágoa”)	
me paenitet (“sábeme mal”)	
me taedet (“fártame”)	
me piget (“dáme pena”)	
me pudet (“dáme vergoña”)	Todos eles constrúense cun pronome persoal en acusativo.

FORMAS NOMINAIS DO VERBO

PARTICIPIOS

<u>VOZ / TEMPO</u>	PRESENTE	PERFECTO	FUTURO
ACTIVA	amans, -ntis (3ª decl.)		amatūrus, -a, -um (= adx 1º tipo)
	TRAD.: “que ama” ou “amando”		TRAD.: “que amará”
PASIVA		amātus, -a, -um (= adx. 1º tipo)	amandus, -a, -um (= adx 1º tipo)
		TRAD.: “amado”	TRAD.: “que deve ser amado

INFINITIVOS

<u>VOZ / TEMPO</u>	PRESENTE	PERFECTO	FUTURO
ACTIVA	amare	amavisse	amaturum, -am, -um esse
	TRAD.: “amar”	TRAD.: “amar” / “ <i>haber amado</i> ”	TRAD.: “ir amar” / “ <i>ir a amar</i> ”
PASIVA	amari	amatum, -am, -um esse	amandum, -am, -um esse
	TRAD.: “ser amado”	TRAD.: “ser amado” / “ <i>haber sido amado</i> ”	TRAD.: “deber ser amado

FLEXIÓN PRONOMINAL

PRONOMES PERSOAIS

ego	tu		nos	vos	
me	te	se	nos	vos	se
mei	tui	sui	nostrum	vestrum	sui
mihi	tibi	sibi	nobis	vobis	sibi
me	te	se	nobis	vobis	se

DEMONSTRATIVOS DEÍCTICOS

hic	haec	hoc	hi	hae	haec
hunc	hanc	hoc	hos	has	haec
huius			horum	harum	horum
huic			his		
hoc	hac	hoc	his		
iste	ista	istud	isti	istae	ista
istum	istam	istud	istos	istas	ista
istius			istorum	istarum	istorum
isti			istis		
isto	ista	isto	istis		
ille	illa	illud	illi	illae	illa
illum	illam	illud	illos	illas	illa
illius			illorum	illarum	illorum
illi			illis		
illo	illa	illo	illis		

DEMONSTRATIVOS FÓRICOS

is	ea	id	ii	eae	ea
eum	eam	id	eos	eas	ea
eius			eorum	earum	eorum
ei			iis		
eo	ea	eo	iis		
idem	eadem	idem	iidem	eaedem	eadem
eundem	eandem	idem	eosdem	easdem	eadem
eiusdem			eorundem	earundem	eorundem
eidem			iisdem		
eodem	eadem	eodem	iisdem		
ipse	ipsa	ipsum	ipsi	ipsae	ipsa
ipsum	ipsam	ipsum	ipsos	ipsas	ipsa
ipsius			ipsorum	ipsarum	ipsorum
ipsi			ipsis		
ipso	ipsa	ipso	ipsis		

RELATIVOS

qui	quae	quod	qui	quae	quae
quem	quam	quod	quos	quas	quae
cuius			quorum	quarum	quorum
cui			quibus		
quo	qua	quo	quibus		
quicumque, quaecumque, quodcumque			O elemento -cumque permanece invariable; o primeiro segmento, como é obvio, declínase como o relativo simple TRADUCIÓN: <u>“calquera que”</u>		
quisquis, quidquid			Só pode aparecer nestas dúas formas (Nom. masc-fem e Nom-Ac neutro) TRADUCIÓN: <u>“calquera que”</u>		
qualis, -e			Declínase como un adxectivo do 2º tipo TRADUCIÓN: <u>“igual que”</u>		

INTERROGATIVOS

quis, quae, quid	A declinación é a mesma do relativo, coa excepción das formas quis e quid TRADUCIÓN: <u>“quen, cal”</u>
qualis, -e	Para a declinación, ver a tabla dos relativos TRADUCIÓN: <u>“cal”</u>
uter, utra, utrum	Declínase como o relativo TRADUCIÓN: <u>“cal dos dous?”</u>
O resto dos interrogativos, que os hai, e bastantes, atópanse sen dificultade no dicionario	

INDEFINIDOS

aliquis, aliqua, aliquid (quis, qua, quid cando vai despois da conxunción si)	Todos eles comparten estas dúas características: FORMA: Baséanse no relativo e no interrogativo, e posúen unha parte invariable xunto con outra que se declina TRADUCIÓN: <u>“algún, algunha, algo”</u>
quidam, quaedam, quidam/quodam	
quispiam, quaequam, quidquam/quodquam	
quisquam, quaequam, quidquam/quodquam	
quisque, quaeque, quidque/quodque	
alius, alia, aliud	Declínanse como os adxectivos do primeiro tipo, coa excepción do Xen. e o Dat. sing., que son iguais ós do relativo TRADUCIÓN: <u>“un/unha... outro/a”</u>
alter, altera, alterum	
ullus, ulla, ullum (“algún, algunha, algo”)	Declínanse como os adxectivos do primeiro tipo, coa excepción do Xen. e o Dat. sing., que son iguais ós do relativo
nullus, -a, -um (“ningún, ningunha, nada”) Existen tamén as formas nemo, -inis (“ninguén”) e o substantivo neutro indeclinable nihil (“nada”)	
unus, -a, -um (“un só, unha soa”)	
totus, -a, -um (“todo, -a”)	
solus, -a, -um (“só, -a”)	
uterque, utraque, utrumque	O segmento -que é invariable; para a declinación, ver uter, utra utrum TRADUCIÓN: <u>“os dous, as dúas”</u>

NUMERAIS

CIFRA	CARDINAIS	ORDINAIS
I	unus, -a, -um	primus, -a, -um
II	duo, -ae, -o	secundus, -a, -um
III	tres, tria	tertius, -a, -um
IV / IIII	quattuor	quartus
V	quinque	quintus
VI	sex	sextus
VII	septem	septimus
VIII	octo	octavus
IX / VIII	novem	nonus
X	decem	decimus
XI	undecim	undecimus
XII	duodecim	duodecimus
XIII	tredecim	tertius decimus
XIV / XIII	quattuordecim	quartus decimus
XV	quindecim	quintus decimus
XVI	sedecim	sextus decimus
XVII	septendecim	septimus decimus
XVIII	duodeviginti	duodevicesimus
XIX / XVIII	undeviginti	undevicesimus
XX	viginti	vicesimus
XXX	triginta	tricesimus
XL / XXXX	quadraginta	quadragesimus
L	quingenta	quingagesimus
LX	sexaginta	sexagesimus
LXX	septuaginta	septuagesimus
LXXX	octoginta	octogesimus
XC / LXXXX	nonaginta	nonagesimus
C	centum	centesimus
CC	ducenti, -ae, -a	ducentesimus
CCC	trecenti, -ae, -a	tricentesimus
CD / CCCC	quadringenti, -ae, -a	quadringentesimus
D	quingenti, -ae, -a	quingentesimus
DC	sescenti, -ae, -a	sescentesimus
DCC	septingenti, -ae, -a	septingentesimus
DCCC	octingenti, -ae, -a	octingentesimus
CM / DCCCC	nongenti, -ae, -a	nonagesimus
M	mille	millesimus
X	decem milia	decies millesimus
C	centum milia	centies millesimus
X	decies centena milia	decies centies millesimus

PALABRAS INVARIABLES

ADVERBIOS

1. Á parte dos que figuran no vocabulario ou no dicionario como tales, o latín obtén adverbios, na súa maioría dos denominados tradicionalmente como “de modo” a partir de adxectivos por varios procedementos de derivación:

PROCEDEMENTOS	TIPO DE ADXECTIVOS	SUFIXO	EXEMPLO
COMÚNS	1º (ex.: <i>clarus</i> , -a, -um)	-e	clare
	2º (ex.: <i>fortis</i> , -e)	-iter	fortiter
ESPECIAIS	1º (ex.: <i>multus</i> , -a, -um)	-um (ac. neut.)	multum
	1º (ex.: <i>rarus</i> , -a, -um)	-o (abl.)	raro

2. Algúns adverbios presentan gradación, como os adxectivos. Para o caso do comparativo de superioridade e do superlativo o latín emprega, tamén como nos adxectivos, dous sufixos:

COMPARATIVO DE SUPERIORIDADE	-ius	doctius (de <i>doctus</i> , -a, -um) suavius (de <i>suavis</i> , -e)
SUPERLATIVO	-issime/ -errime/ -illime	firmissime (de <i>firmus</i> , -a, -um) miserrime (de <i>miser</i> , -a, -um) facillime (de <i>facilis</i> , -e)

PREPOSICIÓNS

1. Só poden rexer dous casos: Ac. e Abl. Aparecen identificadas no vocabulario ou dicionario, pero cómpre coñecer algunhas relativas á noción de “lugar”:

NOCIÓN DE LUGAR	PREPOSICIÓNS	CASO	SIGNIFICADO
“en onde” (VBI)	in	ABL	“en”
“cara a onde” (QVO)	ad	AC	“a”, “cara a”
	in		
“de onde” (VNDE)	a/ab	ABL	“de”, “desde”
	e/ex		
“por onde” (QVA)	per	AC	“por”, “a través de”

2. Algunhas palabras expresan o lugar dun xeito especial:

PALABRA	PARTICULARIDADE	EXEMPLOS
nomes de cidade e illas pequenas	1. non precisan preposición para expresar “lugar a onde” nin “lugar de onde”	Romam (“cara a Roma”) Luco (“desde Lugo”) Romae (“en Roma”) Toleti (“en Toledo”)
casos especiais: domus , -us e rus , ruris	2. expresan o “ lugar en onde ” cun sufixo	domi (“na casa”) ruri (“no campo”)


CONXUNCIÓNS

Son moitas e de funcionamento moi variado; aparecen identificadas no vocabulario e no dicionario, aínda que cómpre coñecer as máis cotiás:

TIPO	CONXUNCIÓNS	SIGNIFICADO
copulativas	et , atque , -que nec , neque	“e” “e non”, “nin”
disxuntivas	aut , vel , -ve	“ou”
ilativas	nam , namque , enim , itaque	“pois”, “así pois”
adversativas	sed , autem , at , vero	“pero”, “sen embargo”

NEXOS NON COORDINANTES

DESCRIPCIÓN FORMAL	MARCADOR	MODO VERBAL	TRADUCCIÓN
DECLINABLES	QVI QVAE QVOD	ind./subx.	(o/a) que; o/a cal o/a que; quen
	QVALIS, -E	ind./subx.	como; igual que como; igual que
	QVANTVS, -A, -VM	ind./subx.	tan grande... como canto,-a
	QVICUMQVE, QVAECVMQVE, QVODCVMQVE	ind./subx.	calquera (cousa) que
	QVISQVIS, QVISQVID	ind./subx.	calquera (cousa) que
	ANTEQVAM, PRIVSQVAM	ind./subx.	antes de que
NON DECLINABLES	POSTQVAM	ind./subx.	despois de que
	CVM	ind.	cando
		subx.	ó + inf.
	VT	ind.	cando
	VBI	ind./subx.	cando
	QVO	ind./subx.	cara a onde
	VNDE	ind./subx.	de onde
	QVA	ind./subx.	por onde
	VT	ind./subx.	do mesmo xeito que (con <i>sic, ita</i>)
	QVAMQVAM, ETSI, TAMETSI	subx.	aínda que
	QVOD, QVIA, QVONIAM	ind./subx.	porque, posto que
	SI / NISI	ind./subx.	se / se non
	VT / NE	subx.	para que/para que non (cos verbos “de temor”, ó revés)
	SED, VERVM, AT	ind.	pero, mais
	QVOD	ind./subx.	o feito de que
	VT / NE	subx.	que / que non (cos verbos “de temor”, ó revés)
	AN, NVM, VTRVM	subx.	se



EXERCICIOS DE TRADUCIÓN LATINA (I):
1ª e 2ª declinacións. Adxectivos do 1º tipo.
Tema de presente do verbo SVM
e dos verbos regulares. Preposicións e conxuncións

SEMPRONIA ET COTTA

Cornelia domīna est et in villa prope silvam vivit. Cornelia filiam habet: Semproniam. Sempronia poetam amat: Cottam. Sed Cornelia amicitiam Semproniae et Cottae non apprōbat. Sempronia ancillam habet: Marcella. Olim, Marcella ianuas villae apērit et Cotta in villam intrat. Sed Cornelia Cottam videt et suscenset. Cotta e villa exit et Cornelia Semproniam claudit.

Paulo post, Sempronia epistulam scribit et auxilium Marcellae poscit: serva terminos villae transit et Cottae epistulam fert. Cotta nuntium accipit et verba Semproniae legit: “Amo te, Cotta, sed animus meus maestus est. Familiae meae poetae non placent, sed anima mea versiculos tuos adorat. In muro postico meae villae parvum cavum est. Mane noctu intrabis, conveniēmus et fugiēmus”.

